

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 1

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 28 de xaneiro de 2008, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

1.- Acta anterior. (Sesión ord. 26.11.07).

XESTIÓN MUNICIPAL

2.- Modificación dos artigos 8.1 e 8.2 do regulamento orgánico da Comisión especial de suxestións e reclamacións.

MOBILIDADE E SEGURIDADE

3.- Aprobación inicial da ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en la vía pública.

MOCIÓNS

4.- Do Grupo municipal do BNG instando solicitar á Deputación Provincial unha nova estrutura orzamentaria, de prestación de servizos e transferencia de competencias.

5.- Do Grupo municipal do BNG relativa ó funcionamento do servizo postal.

6.- Do Grupo municipal do Partido Popular instando solicitar ó Goberno central a modificación do RD 503/2006 de servizos postais.

7.- Do Grupo municipal do Partido Popular instando a creación dun órgano consultivo en materia de desenvolvemento sostible en Vigo.

8.- Do Grupo municipal do Partido Popular instando a modificación da ordenanza municipal de tráfico do ano 1991.

9.- Do Grupo municipal do Partido Popular solicitando á Subdelegación do Goberno a creación dunha nova dependencia da Comisaría de Policía Nacional en Vigo.

10.- Do Grupo municipal do Partido Popular instando impulsar os programas de maiores de formación, ocio e todos os relacionados co envellecemento.

11.- Do Grupo municipal do Partido Popular instando ó goberno municipal a execución do saneamento da Travesía de Numancia.

12.- Do Grupo municipal do Partido Popular propoñendo medidas relativas a unha xestión máis eficiente da reciclaxe dos residuos urbanos.

- 13.- Do Grupo municipal do Partido Popular relativa a instar á Consellería de Sanidade a creación dunha unidade especial de atención ós grandes lesionados medulares no futuro hospital da área de Vigo.
- 14.- Do Grupo municipal do Partido Popular instando a creación dun SAMUR social que atenda as necesidades dos colectivos máis desfavorecidos.
- 15.- Do Grupo municipal do Partido Popular relativa ás políticas municipais de emprego.
- 16.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ordinaria no salón de Plenos ás nove horas do día VINTEOITO DE XANEIRO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

kv.

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

Vigo, 24 de xaneiro de 2008

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.